

Grupo de 3 canastros

060076

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator: 3207803
Coord. UTM: X: 61145049
Y: 466342768
Concello: Sarreaus
Parroquia: CORTEGADA
Lugar: Folgoso
Tipoloxía: Arquitectura Civil
Tipo: Construcións de Almacenamento
Subtipo: Canastro



Denominación: Grupo de 3 canastros

Etaapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de tres canastros de madeira, situados no Norte da aldea, ao pé da estrada que vai cara Xinzo de Limia.

O primeiro (Canastro 1), érguese sobre dous pares de esteos prismáticos, envoltos con sacos de plástico para que esvaren os ratos e apoiados en soleiras, e tornarratos lonxitudinais de sección rectangular cos laterais troncocónicos. A cámara é de madeira, con porta de táboas verticais nun dos penais e doelas verticais enlazadas por dobre faixa horizontal nos costais e no outro penal. A cuberta, con armazón de madeira a dúas augas e tella francesa, presenta beirado con tornaventos. A estrutura está reforzada por puntais apoiados nas padieiras e nos tornarratos. Conserva restos de pintura de cor granate.

O Canastro 2, tamén sobre soleira, presenta dous pares de esteos prismáticos, de base máis ancha e coas arestas rebaxadas; tornarratos lonxitudinais de sección rectangular cos laterais rebaxados e semicirculares; cámara de madeira, con porta de táboas verticais nun dos lados penais e cerramento con doelas verticais enlazadas por dobre faixa vertical e horizontal nos costais e no outro penal; e cuberta con armazón de madeira a dúas augas, tella curva e beirado con tornaventos pintado de azul. A estrutura está reforzada con puntais apoiados nos tornarratos.

Por último, o Canastro 3 levántase sobre dous pares de esteos troncopiramidais e tornarratos lonxitudinais de sección rectangular cos laterais semicirculares. A cámara é de madeira, con porta de táboas horizontais nun dos penais e cerramento con doelas verticais enlazadas por dobre faixa vertical e horizontal nos costais. O penal traseiro está cerrado con doelas horizontais, na parte superior, e táboas tamén dispostas horizontalmente na parte inferior. A cuberta, restaurada, presenta armazón de madeira a dúas augas, tella curva, e beirado nos catro lados, apoiándose nos lados penais en puntais clavados nas columnas da estrutura. No costal esquerdo habilitouse unha pequena porta. A cámara esta reforzada con puntais e táboas.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50 m

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Almacenamento

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











